

POSICIÓN DA UDC ANTE O NOVO PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO 2016-2020 QUE SE SOMETE AO INFORME DO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES CONVOCADO PARA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2015

O voto particular presentado por esta universidade durante a aprobación do Plan de financiamento 2011-2015 que agora remata baseábase en:

- un diagnóstico incompleto da situación do SUG;
- a ausencia de mecanismos de compensación de desequilibrios en materia de infraestruturas e financiamento; e
- a perpetuación destes desequilibrios do pasado na repartición por criterios históricos.

Neste novo plan preséntase agora un diagnóstico do Sistema Universitario de Galicia que se limita a recoller datos brutos sen análise cualitativa nin referencias comparables; carece doutros que evidencian que a situación do SUG é manifestamente mellorable. Os datos do último estudo da CRUE *La Universidad Española en Cifras (2013-2014)* indican:

- que Galicia está por debaixo da media española de financiamento estrutural por estudante de grao e mestrado;
- que é a quinta comunidade autónoma en que máis diminuíron porcentualmente os gastos das universidades no período 2010-2013;
- que reduciu en máis dun 69% o investimento material nas universidades (10 puntos por riba da media) no período 2008-2013;
- ou que durante ese mesmo período 2008-2013 o SUG viu reducidos os seus gastos de investigación 13 puntos por riba da media das universidades públicas presenciais españolas.

A pesar dos escasos datos referenciados que se achegan no diagnóstico do Plan, tería sido un magnífico punto de partida dispor da liquidación real do plan ata o exercicio 2014, o que nos permitiría dispor dun balance rigoroso e transparente sobre o que construír, con maior diálogo, a estrutura do financiamento universitario para o novo período. Unha oportunidade, neste sentido perdida, en que ás universidades nos tería gustado colaborar con maior información, rigor e transparencia no obxectivo común de contribuír ao desenvolvemento de Galicia.

Consideramos que tampouco se avanzou no establecemento de mecanismos de compensación de desequilibrios históricos ou no tratamento de singularidades propias de cada universidade, polo que avoga o propio Plan.

Porén, felicitámonos de que o novo fondo estrutural mellore ostensiblemente no seu modelo. Fronte a un fondo anterior baseado en criterios históricos que perpetuaban os desequilibrios iniciais de financiamento, por primeira vez o novo Plan ten en conta o tamaño de cada universidade en termos docentes. Entendemos que é un primeiro e grande avance, aínda que axustable seguramente durante o ciclo, cara á equidade no financiamento do SUG, unicamente turbado en certa medida pola aparición dun fondo RAM (obras de reforma, ampliación e mellora de inmobles) que segue penalizando aquelas universidades peor dotadas en infraestruturas, especialmente científicas e de investigación.

E se é certo que o novo fondo estrutural mellora sensiblemente a equidade e transparencia do Plan, tamén o é, pola contra, que non garante de forma clara o principio de suficiencia inicial nos termos en que o propio documento define este principio; observemos, ademais, que gran parte do aumento do financiamento anunciado se basea noutras achegas públicas que se imputan ao fondo por resultados e que, cuantificadas en 82 millóns de euros lineais en cada ano do plan (410 millóns total), non resultan clarificadas na súa orixe no seu sistema de repartición.

Garantindo os principios de equidade e suficiencia, o fondo de resultados ten por obxectivo a eficiencia do sistema. Recoñecemos que este fondo foi un grande avance do PFSUG 2011-15, entendemos que xa irrenunciable, pero o aínda escaso período de vixencia do plan anterior impide dispor dun horizonte suficiente para desenvolver as estratexias necesarias para acadar todos os resultados marcados; por iso, chama a atención e resulta difícil asumir os novos e bruscos cambios de rumbo que se visualizan nos indicadores do novo plan, que xerarían necesariamente incerteza nos obxectivos que cómpre alcanzar. A selección de indicadores nunca é neutra e nalgún caso pode que estea asociada a singularidades.

Defendemos a absoluta necesidade de seguir afondando en Resultados, de perseguir obxectivos estratéxicos que nos posicionen de forma competitiva no novo contexto global; pero para iso, e á vista do novo panel de indicadores, botamos en falta de forma destacada, como así levamos manifestando durante a elaboración deste novo plan:

- o A potenciación e retención do talento que estamos a formar actualmente, plenamente compatible e complementario coas novas políticas de captación de talento externo. Os pesos dos indicadores deberían neste sentido sopesarse de xeito máis equilibrado.
- o Esforzos na inserción laboral dos nosos egresados. Nestes momentos de crise e ante as actuais taxas de desemprego non deberían ser suprimidos do plan indicadores sobre empregabilidade universitaria en Galicia.
- o Unha mellor e máis potente definición dos indicadores de internacionalización, que presentan pesos relativos insuficientes.
- o Indicadores que corrixan desequilibrios de dotacións do pasado e que por iso permitan a todo o sistema ser máis competitivo.
- o A inclusión de indicadores sobre resultados da colaboración universidade-empresa en materia de proxectos de investigación singulares, como os que implican a compra pública innovadora e as unidades mixtas de investigación entre universidade e empresa, apostas estas que están a ser apoiadas precisamente pola Xunta de Galicia.

Por todo isto, e logo dun meditado balance das fortalezas e debilidades que presenta o novo Plan, pero sobre todo valorando en clave SUG a nova formulación estrutural do financiamento do Sistema, fundamentalmente en termos cualitativos, damos un voto de confianza a este e por iso vemos posible informalo favorablemente, mais sempre que á súa vez se corrixan os indicadores de resultado que analizamos anteriormente en materia de:

- Retención do talento.
- Internacionalización.
- Inserción laboral.
- Colaboración universidade-empresa.

Con estas correccións finais seguiremos consolidando a nosa aposta pola obtención dos mellores resultados.

Na Coruña, 13 de outubro de 2015.